

PLENO INFANTIL 19 DE ABRIL DE 2018

**Sesión ordinaria celebrada polo Pleno Infantil do Concello
o día 19 de abril de 2018**

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión extraordinaria do Pleno do 22/03/2018.

2. Presentación dos traballos/proxectos sobre a temática plantexada: Consumo responsable da auga.

3. Rogos e preguntas.

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións sendo as dez horas e vinte minutos da mañá do 19 de abril de 2018 coa presidencia do Sr. Alcalde, , e a asistencia dos/as seguintes voceiros/as:

- do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA”
- do Centro de Educación Infantil e Primaria “QUINTELA”
- do Centro de Educación Infantil e Primaria “IGREXA”
- do Centro de Educación Infantil e Primaria “IGREXA”
- do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BOVEDA”
- do Centro de Educación Infantil e Primaria “ALEXANDRE BÓVEDA”
- do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- do Centro de Educación Infantil e Primaria de “LAREDO”
- do Centro de Educación Primaria “SANTA MARIÑA”
- do Centro de Educación Primaria “SANTA MARIÑA”
- do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN”
- do Instituto de Secundaria de “ILLA de SAN SIMÓN”
- do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI”
- do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI”
- do Instituto de Educación Secundaria de “PEDRO FLORIANI”

Asiste o sr. , como interventor, e o sra. , Secretaria Accidental Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, o



presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, gárdase un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Logo o alcalde agradece os traballos realizados sobre a temática proposta de aforro de auga, así como a implicación e o apoio dos centros: dos alumnos, equipos de dirección e docentes.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno do 22/03/2018.

Non existindo observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade.

2. Presentación dos traballos/proxectos sobre a temática plantexada: Consumo responsable da auga.

O Alcalde da paso aos representantes dos distintos centros docentes para que expoñan os seus traballos segundo a orde establecida, indicándolles que no remate de cada exposición poderán formularse proposicións.

Os representantes dos centros apóianse nunha presentación en proxector para expoñer as súas propostas:

Comezo pola representación do **Colexio de Infantil e Primaria de IGREXA**: plantexa as súas propostas:

O planeta Terra está a mostrar as súas feridas, e menos mal, porque grazas a isto, as persoas dímonos conta de que algo non ía ben, e moi lentamente reaccionamos. Mais o importante é esta última: REACCIÓN.

Nós xa estamos concienciados e por iso comprometémonos a:

- Manter os grifos pechados mentras lavamos os dentes.
- Darnos unha ducha en vez dun baño.
- Pechar o grifo mentras nos enxabonamos.
- Non usar o baño como papeleira.
- Non tirar da cadea se non é necesario.
- Enxabonar os pratos co grifo pechado.
- Regar na primeira o una última hora do día.
- Poñer a lavadora e o lavalozas coa carga completa.
- Lavar a bici e os xoguetes con expónsa e barreño.



- Non tirar nada o chan que poida acabar nos sumidoiros.
- Reciclar para reducir o consumo de auga na elaboración de envases e evitando que acaben no mar, nos ríos sendo comida para os peixes.

Estes son os nosos compromisos pero gustaríanos facer máis e por iso solicitamos ao concello:

- Máis campañas de concienciación e solidarias.
- Instalación de máquinas de recollida de envases por incentivos para motivar máis a xente a reciclaxe. Pódese chegar a aforrar entre un 75 e 95% de auga en cada envase que se recicla.
- Rutas dirixidas aos centros educativos para concienciar sobre os ríos e o seu coidado.

Sr. Alcalde: agradece a exposición e o magnífico traballo. Se toman en consideración estas propostas, por unanimidade. Di que ao final do pleno, respecto á medida proposta de incentivar a reciclaxe, vai falar o concelleiro de medio ambiente para facer unha proposta nesa liña.

Representantes do Colexio Educación Infantil e Primaria de LAREDO: Piden que todos entendamos a riqueza que supoñe a auga. Trátase dun ben escaso que non é noso, non é de ninguén, é de todos. Propoñen que no concello se teñan en conta as seguintes propostas para facer un uso máis responsable da mesma.

- Arranxar as fontes das diferentes parroquias que non funcionan ben e perden auga. Coidar que teñan sempre regulador de caudal para aforrar auga e que non salpiquen.
- Reclamamos o emprego de sistemas de aforro da auga nos regos das zonas verdes. Pois algúns aspersores bañan, ademais dos xardíns, as beirarrúas e rúas. Incluso, algúns días, chove e seguen regando.
- Por en marcha campañas de sensibilización a todos os niveis. Que profesionais do Concello con coñecemento neste eido, visiten: centros escolares, asociacións de veciños, comerciantes... para dar consellos de como aforrar auga nas súas casas e nos seus lugares de traballo.
- Algúns destes exemplos son: pechar sempre as billas, ducharse e non bañarse, poñer botellas con area na cisterna e non empregar o inodoro como papeleira. Este tipo de consellos son moi básicos pero nunca está de mais lembralos:
- Non esquecer a seca que se produciu no pasado mes de setembro e que ocasionou que os embalses descendesen os seus niveis, chegando nalgúns parroquias a sufrir restricións e problemas de abastecemento. Temos que tomar conciencia e adoitar medidas, cada un de nós, que preveñan este tipo de situacións.
- Aproveitar as augas pluviais. Colocar depósitos para recoller a auga da choiva, para logo utilizala nos regos. Cubrir os xardíns cunha capa de cortizas, pedras ou mantillo. Desta maneira evitamos que a auga se evapore polo efecto do sol.

Sr. Alcalde: Agradece a exposición do traballo. Di que tratan un tema que é moi importante para eles, están traballando no concello para buscar maneiras para aforrar a auga. Se toman en consideración estas propostas, por unanimidade

Os representantes do Instituto de Secundaria de ILLA de SAN SIMÓN: formulan as seguintes propostas para o aproveitamento da auga en Redondela:



- 1- Dar a coñecer como funciona o sistema de abastecemento de auga na área de Redondela.
- 2- Implantar medidas de aforro no gasto de auga nas instalacións municipais e nos servizos públicos.
- 3- Levar a cabo estudos de viabilidade de construción de depósitos de auga a nivel local mais próximos a cada barrio.
- 4- Implicar as distintas empresas que son grandes consumidoras.
- 5- Inventario do estado das fontes públicas para valorar arranxos e controlar potabilidade.
- 6- Implicar a todas as persoas no uso responsable da auga dende as asociacións de veciños, implicación consumo responsable da auga, uso responsable da auga.
- 7- Convocar un concurso nos centros educativos coa realización dun debuxo ou eslogan que sexa interesante e atraia a xente a participar.
- 8- Conmemorar o día da auga dende o concello, por ser un recurso tan valioso.

Sr. Alcalde: Agradece o traballo. Di que as aportacións realizadas, unhas complementan a outras, para mentalizar a xente, ir aos colectivos, que hai que concenciar que en Galicia pode haber sequía e que hai que adoptar medidas para aforrar auga. Se toman en consideración estas propostas, por unanimidade.

A representación do Centro de Educación Infantil e Primaria de QUINTELA: manifesta que na época de sequía, hai que aforrar auga, na limpeza das vías públicas, no consumo do fogar, e piscinas. O concello ten que tomar iniciativas e medidas para que non volva a suceder, aforrando auga, terá que dar exemplo, nos lugares públicos e instalacións, como no ámbito doméstico.

Sr. Alcalde: Agradece o traballo. Se toma en consideración as propostas, por unanimidade.

A representación do Centro de Educación Infantil e Primaria ALEXANDRE BÓVEDA, fai unha introdución indicando que decidiron deseñar e levar a cabo o seu proxecto no ámbito escolas porque pensan que se somos capaces de levalo a cabo na escola xa seremos quen de levalo a cabo nas nosas casas. Pódese levar a cabo noutras escolas estendendo así o consumo responsable por todo o concello. Teñen un proxecto: Auditoría da auga na nosa escola, cun logo e un slogan: “A auga non podes estragar se ao mundo non queres matar”. Amosa as distintas fases do proxecto: Ser sensibles (Punto de partida: Gotas para Níguer, deseño de logo e slogan) – Facer unha diagnose (Búsqueda puntos de auga, Análise material e de hábitos) – Actuar (Arranxos: entrevista secretaría, Cambios: entrevista Dirección, Colocación carteis) – facer seguimento (Inspectoras e inspectores da auga).

Na primeira fase: Campaña de UNICEF: “GOTAS PARA Níger” lles fixo reflexionar e entender que o uso responsable da auga e o reparto a nivel mundial e algo no que todas e todos podemos colaborar. Deseñaron o logo e slogan, e o puxeron en común.

Na segunda fase: Búsqueda de puntos de auga: piso por piso, crearon unha tela de araña. Análise material: tipos de grifos e cisternas con análise do seu funcionamento. Análise de hábitos: inspectores.

Na terceira fase: Entrevista coa secretaría para comunicar o mal funcionamento das billas ou cisternas e tomar medidas para arranxalos. Entrevista coa dirección para



valorar o cambio das billas e cisternas por outro tipo que axude a aforrar (billas con sensor, con temporizador,...). Colocación de carteis con pictogramas ou textos que axuden a lembrar bos hábitos (pechar ben a billa, non estragar a auga das cisternas,...)

Na cuarta fase: Seguimento do bo funcionamento das billas e cisternas, do efecto dos carteis, coa finalidade de ser detectives do uso responsable da auga.

Sr. Alcalde: Agradece o traballo realizado. Que cada traballo aportado polos centros amosan distintas propostas. Di que esta proposta interpela hacia os propios centros, para facer un uso responsable nos mesmos. Se toma en consideración as súas propostas, por unanimidade.

Os representantes do **Instituto de Educación Secundaria PEDRO FLORIANI:** formulan as seguintes propostas:

Pensamos que para coñecer en profundidade como se está a levar a xestión da auga no concello é imprescindible que nos informen do plan de augas residuais. Para iso é importante ter información sobre a nosa depuradora e a súa xestión, que residuos son negativos para o seu funcionamento, como podemos colaborar a unha mellor depuración, se se pode reutilizar o se xa se está a reutilizar esa auga.

A maioría descoñecemos de onde vén a auga que chega ás nosas casas. Cómpre recibir formación neste sentido. Se os rapaces do concello recibimos formación sobre a xestión da auga, podemos ser un bo axente formador para os nosos maiores e tamén para saberemos mellor como realizar o aforro da auga.

No noso concello existen varios sistemas antigos de rega, a parte do Pexegueiro e do Maceiras, moitos deles están sen limpar e os nosos maiores van abandonando o seu uso. Sería interesante seguir a utilizar estes para o regadío dos xardíns ou encher as piscinas.

Sr. Alcalde: Agradece o traballo. Di que introducen un elemento máis que a depuración da auga, para o consumo responsable. Se toman en consideración estas propostas, por unanimidade.

A representación do Centro de Educación Primaria SANTA MARIÑA: formula as seguintes propostas:

- Colocar por diversos puntos de Redondela uns depósitos para a recollida da auga da chuva, con esta auga, regar xardíns e rotondas e limpar as rúas cando sexa necesario.
- Idear un sistema de pronta detección de tubaxes rotas para que sexan arranxadas o antes posible, a modo de exemplo: facilitar aos veciños e ás veciñas un número de teléfono para que cando atopen unha tubaxe rota poidan avisar e a tubaxe sexa arranxada rapidamente.
- Empregar a auga non potable das fontes de Redondela para regar ou limpar as rúas. Para regar os xardíns e rotondas instalar un sistema de rego por goteo.
- Aforrar para un sistema que permita empregar a auga salgada do mar nas piscinas municipais de Redondela. Ademais de menos contaminante aforraríase moitísimo en auga para encher as piscinas.
- Levar a cabo unha campaña de concienciación de consumo responsable de auga colocando polas rúas de Redondel apaneis informativos con pictogramas con



consellos de tipo: Non deixar correr a auga das billas se non a estar a usar, ducharse mellor que bañarse ou encher con menos cantidade de auga o depósito da cisterna.

- Empregar nas instalacións públicas, a auga recollida da chuva para as duchas ou grifos dos lavabos, colocando en estas instalacións depósitos de auga para a súa recollida.

- Instalar nos edificios públicos (colexios, piscinas, pavillóns,...) un sistema de reutilización de augas grises, que consiste en aproveitar a auga das duchas e lavabos para os inodoros, e fomentar o uso deste sistema nos edificios privados a través de subvencións e información á cidadanía, mesmo ofrecendo redución de impostos nas vivendas de nova construción.

Sr. Alcalde: Agradece os traballos. Di que cada traballo ten un contido e aporta unha innovación, neste traballo hai unha aportación dirixida aos edificios públicos. Toman en consideración esta proposta, por unanimidade. Deseguido da paso ao concelleiro de medio ambiente, responsnabile da área de auga e reciclaxe.

O concelleiro, , agradece os traballos realizados, di que no planeta hai millóns de persoas que viven sen cousas básicas, pero ninguén vive sen auga, dende o concello estanse facer cousas, como cambio da grifería dos edificios públicos, slogans e fotografías, levan dous anos informando aos colexios e dando charlas, arranxan as fontes para que teñan auga debida e non estragala. Fanse campañas e se dan premios, hai que ter auga de calidade e non contaminada. Aмосa unha bolsa con bombillas, tóners, ..., para botar nos puntos limpos, e non contaminar. Hai contenedores para botar aceite usado. Propoñe un reto aos colexios, ata o día 5 de xuño, todos os colexios teñen que xuntar aceite usado, e logo a empresa concesionara parasá a recollelo, o colexio que máis aceite logre reunir, vai ter a posibilidade de donar dous mil euros ao colectivo social que elixan. Remata dicindo que o obxectivo é acadar un planeta sen plásticos, é o lema de medio ambiente.

3. Rogos e preguntas.

1º.- A representante do Centro de Educación Infantil e Primaria "IGREXA", pregunta ao sr. Alcalde, ¿se hai algunha novidade respecto ao colexio novo?.

O sr. Alcalde resposta que xa falou coa directora do centro, comunicándolle que ten unha xuntanza máis tarde, cando acabe vai comunicar á directora as novidades.

2º.- O representante do Instituto de Secundaria de "ILLA de SAN SIMÓN", pregunta ¿se se van a pagar prezos razoables polo servizo municipal da auga?.

O sr. Alcalde resposta que o prezo vai cun prego e contrato, que se vai facer un contrato novo, onde se vai fixar o prezo en función do servizo que se presta, o que gañe o concurso, ten aparelado un prezo obxectivo, porque concorren varias empresas. A tarifa a pagar sería en principio en función do que se consuma.

O alcalde remata agradecendo o traballo aos centos e rapaces, pola súa implicación e vontade de traballar en positivo. Agora farase un parón, pero cando empecen en setembro, decidirase o tema a tratar para o seguinte pleno, e lles suxire que plantexen propostas de temas a tratar, para que se traten as mesmas.



E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as once horas e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

Documento asinado electronicamente na marxe

